

**DOMINGO 11 SETEMBRO**  
19.30H.

# Alpuxarras

البخاراس

**ALPUXARRAS**

RAFAEL TOBA

2015/ Galicia/ 64 minutos

DOC

Cando un ve esta cinta decátase de que quizá non coñecemos nosa historia tan ben como pensamos. Por un lado, fai un percorrido histórico da presenza moura no noroeste peninsular e do seu legado cultural que áinda pervive en lugares como Galicia. e por outro trata de amosar tamén tanto os costumes comúns como o estudo das migracións entre ambas poboacións, moriscas e galegas.



Rafael Toba, da Cooperativa de Cine e Documental (A Coruña), tamén é coñecido por traballos como A vida que te espera, 2004, Para que non me esquezas, 2005 ou Welcome, 2005.

**DOMINGO 11 SETEMBRO**  
21.00H.

**SYRIA, SELF PORTRAIT**

OSSAMA MOHAMMED E WIAM SIMAV

2014/ Siria e Francia/ 92 minutos

DOC

En Siria, os youtubers filman e morren todos os días. Mientras os outros matan e filman. En París, animado polo meu amor incondicional por Siria, só podo filmar o ceo editar as imaxes.

Chateando cunha moza cineasta kurda, de Homs, preguntoume: Si estiveses en Homs coa túa cámara, que filmarías?.



Ossama estudiou no Instituto de Cine de Moscú. Actualmente vive en París. Wiam nado en Homs é de procedencia kurda. Dende hai tres anos os seus documentais proxéctanse nos países árabes baixo pseudónimo por razóns de seguridade.

**ORGANIZAN:**

**CONCELLO DE PONTEVEDRA**

**PAZO DA CULTURA**  
PONTEVEDRA

**COLABORAN:**

FUNDACIÓN ARAGUANEY  
مؤسسة الأرجانين  
[www.fundacionaraguaney.org](http://www.fundacionaraguaney.org)

**AMAL .16**  
**EN RUTA**

**PONTEVEDRA**

.7 AO 11 DE SETEMBRO  
.TEATRO PRINCIPAL

**MOSTRA DE CINEMA EUROÁRABE**

**AMAL .16**  
**EN RUTA**  
**PONTEVEDRA**  
· 7 AO 11 DE SETEMBRO · TEATRO PRINCIPAL

**AMAL EN RUTA** é un resumo da última edición da Semana de Cine Euroárabe Amal. Consta de catro ficcions e tres documentais que supoñen un percorrido polo mellor cine árabe de actualidade. Un western, dous dramas, unha traxicomedia e tres documentais que nos achegan á guerra síria, á situación dos escolares dunha aldea palestina e á presenza moura en Galicia.

Longa vida ao cine, longa vida ao Amal!

GHALEB JABER MARTÍNEZ  
DIRECTOR FESTIVAL AMAL



**GHADI**  
AMIN DORA  
FIC

2014/ O Líbano/ 100 minutos

Nunha pequena vila costeira libanesa medra o temor polos veciños cara a Ghadi , un mozo con necesidades especiais. Tentando mediar con isto, seu pai Leba, único mestre de música da cidade, inventa unha tola historia para convencer os seus concidadáns de que seu fillo non é o "demo", senón un anxo que lles dará resposta aos seus problemas.



Célebre director e artista visual, gañador dun Emmy Digital Internacional pola dirección de "Shakabout", a primeira web serie árabe dramática, onde explorou formas innovadoras para retratar a vida real en Beirut.

XOVES 8 SETEMBRO  
21.00H.

**OS CABALOS DE DEUS** FIC  
NABIL AYOUCH  
2012/ Bélxica, Francia e Marrocos/ 113 minutos

Coas palabras "Voade, cabalos de Deus" convocaban á Xihad o profeta Mahoma, pero foron reinterpretadas por certas células. O filme amosa o proceso de alienación e conversión en potenciais terroristas de mozos procedentes de entornos sociais conflitivos abandonados a súa sorte.



Filma a súa primeira curtametraxe, *Les Pierres bleues du désert* en 1992 e en 1997 dirixiu a súa primeira longa, *Mektoub* que, ao igual que *Ali Zaoua*, príncipe de Casablanca, representou a Marracos nos Oscar.

VENRES 9 SETEMBRO  
21.00H.

**THEEB** FIC  
NAJI ABU NOWAR  
2014/ Xordania, Reino Unido, E.A.U e Catar/ 90 minutos

Na provincia otomana de Hiyaz durante a primeira Guerra Mundial, Theeb (lobo en árabe), un mozo beduíno, faise maior a pasos acelerados mentres embarca nunha peligrosa viaxe a través do deserto guiando un oficial do exército británico nunha misteriosa misión.



Nado no Reino Unido, comezou a súa carreira cinematográfica no RAWI Screenwriters Lab en 2005, onde desenvolveu o seu primeiro guión, *Shakoush (Hammer)*, escribiu e dirixiu a curta *Death of a boxer*, 2009. Theeb é a súa primeira longametraxe.

SÁBADO 10 SETEMBRO  
19.30H.

**COLONOS E POMBAS** DOC  
ALFONSO PÉREZ CANEIRO E MARGA PAZOS  
2015/ Galicia/ 28 minutos

Dous xornalistas galegos son testemuñas da dramática situación que vive un grupo de nenos palestinos de dous pequenos poboados do sur de Hebrón, que para iren ao colexió teñen que pasar polo medio de dúas colonias xudías moi agresivas.



Pérez Caneiro foi redactor de deportes e redactor de informativos na TVG, cubriu a guerra entre Israel e O Líbano e no 2006 xunto con Fito Ferreiro realizou o documental sobre Gaza Engaiolados. Marga Pazos leva anos traballando en Telexornais da TVG.

SÁBADO 10 SETEMBRO  
21.00H.

**VILA TOUMA** FIC  
SUHA ARRAF  
2014/ Palestina/ 84 minutos

Tres irmáns de Ramala, aristócratas e solteiras, non foron quen de asimilar a nova realidade da ocupación e a emigración en masa da aristocracia palestina. Para sobreviviren, péchanse na súa mansión aferrándose á nostalgia das súas glorias pasadas. A chegada da súa sobriña orfa cambiará todo nas súas vidas.



Guionista e directora palestina nacida en Israel. Dirixiu e produciu o documental *Mulleres de Hamás* (2010), gañador de varios premios en certames internacionais. Autora dos guións *A noiva síria* e *os Limoeiros* dirixidas por Eran Riklis.